Concello de AMES

ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OBRAS DAS GRADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FÚTBOL DO MILLADOIRO . POS 2016

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas do día vinte e un de xullo de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto das obras das **"GRADAS CUBERTAS NO CAMPO DE FÚTBOL DO MILLADOIRO".**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores. Durante o prazo de presentación aberto para os licitadores, que rematou o día 9 de xullo de 2016, presentaron ofertas sete empresas.

Non se atopa presente ningún representante das empresas licitadoras que se presentaron ó procedemento.

A continuación procédese a apertura do sobre "A" nomeado "documentación administrativa" resultando o seguinte:

EMPRESA	DECLARCION RESPOSABLE	% SUBCONTRATACIÓN	DATOS DE CONTACTO	DECLARACIÓN TRABALLADORES	COMPROMISO ADSCRICIÓN MEDIOS
OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR SL	SI	SI	SI	SI	SI
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA SL	SI	SI	SI	SI	SI
ATLÁNTICA DE CONSTRUCCIÓN Y MEDIO AMBIENTE SL	SI	SI	SI	**NO**	SI
OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	SI	SI	SI	SI	SI
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	SI	SI	SI	**NO**	SI
NORTEMAR SL	SI	SI	SI	**NO**	SI
COVIASTEC SL	SI	SI	SI	SI	SI

A mesa de contratación despois de estudar a documentación presentada no sobre A polas distintas empresas licitadores advirte que algunha delas non presenta o modelo denominado *"certificado sobre traballadores con discapacidade"*, como así se estipula no apartado 12.1 do prego que serve de base para a licitación.

Concello de AMES

A continuación, e tendo en conta o anteriormente exposto, previa deliberación, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

1º.- Dirixir escrito vía fax ás empresas que non presentan o modelo denominado *"certificado sobre traballadores con discapacidade"* concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que acheguen ante a mesa de contratación a documentación requirida.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as dez horas e doce minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

Concello de AMES
Pz. do Concello, nº 2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925